



## 9.- A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político administrativa).

O matrimonio e a posterior subida ao trono de **Isabel** de Castela e **Fernando** de Aragón supuxo a creación dun novo Estado que será denominado **Monarquía Hispánica**. Esta entidade englobou á **Coroa de Castela e a de Aragón**. Trátase dunha unión dinástica, non dunha unificación política dos seus reinos. Estes tiñan en común as persoas dos reis que os gobernaban conxuntamente, pero cada reino mantiña a súa lexislación e as institucións propias.

Tras a **conquista de Granada** en 1492 o Papa concedeulles o título de Reis Católicos, e completárase a súa expansión territorial na Península coa **incorporación de Navarra** á Coroa de Castela (1512), xa despois da morte de Isabel.

Os RRCC son considerados como os monarcas que inician a transición do medievo á modernidade. Acometeron unha serie de **reformas administrativas e políticas** orientadas a fortalecer o poder dos monarcas fronte o da nobreza, marcando o **nacemento dunha monarquía autoritaria e forte** e extinguindo a feudal. O proceso foi máis efectivo en Castela, en parte porque as circunstancias do acceso ao trono de Isabel tras unha guerra pola sucesión coa súa sobriña (Xoana “A Beltranexa”) permitiron castigar á facción nobiliaria contraria (confiscación de señoríos, por exemplo).

- Comenzou a organizarse un **sistema de consellos** para atender ás diversas áreas de goberno:
  - Reorganizouse o **Consello de Castela** (1480), que constituirá o principal órgano de goberno e instancia xudicial superior. A introdución de funcionarios reais con formación xurídica profesionalizou este organismo e minguou o poder da nobreza.
  - Creáronse outros consellos. Foron de dous tipos: os **territoriais** (Aragón, Navarra) e os **temáticos** (Facenda, Indias e Inquisición).
- Reduciuse o papel das **Cortes de Castela** (onde se reunían os estamentos privilexiados e os representantes das principais cidades do reino) dado o auxe dos consellos. A súa importancia política foi decaendo e só foron convocadas para xurar aos herdeiros no seu cargo ou para reclamar algún subsidio extraordinario.
- Establecéronse **novos cargos**:
  - Os **secretarios reais** que se encargaban de mediar entre os diferentes consellos e os reis.
  - Os **vicereis**, que representarían aos soberanos naqueles territorios que pola súa distancia facía imposible a presenza dos reis (como en América).
- Creouse un sistema xudicial centralizado, graduando a importancia dos tribunais: os **corrixidores** a nivel local, as **Audiencias** e as **Chancelerías** (con sedes en





Valladolid e Granada) como tribunais reais de apelación e o **Consello Real de Castela** como última instancia xudicial. O fortalecemento da xustiza real supuxo un duro golpe para a nobreza ao impoñerse por riba do sistema xudicial feudal desempeñado polos señores nos seus territorios. En Aragón había unha audiencia para cada un dos reinos, pero alí os señores conservaban gran parte das súas atribucións xudiciais.

- A nivel urbano instaurouse o cargo de **corrixidor**, posto de designación real que se encargaba do goberno municipal e tiña competencias administrativas, xudiciais e militares. A súa actuación freou o poder das oligarquías locais (nobreza e burguesía) en favor da autoridade real.
- A nivel de seguridade, destacan a organización da **Santa Irmandade**, un corpo policial creado para manter a orde pública e pacificar o mundo rural e a creación dun **exército permanente**, pagado pola monarquía e independente da nobreza, aínda que esta conservaba os cargos relevantes.
- Ademais, os Reis Católicos dotáronse dun **corpo de embaixadores** para potenciar a súa activa política exterior.
- A **política relixiosa** foi tamén un dos medios utilizados para o reforzamento do poder real. Xunto coa figura do monarca, a única institución común aos reinos foi a **Inquisición**<sup>1</sup> (1478), tribunal encargado de manter a ortodoxia relixiosa católica. Por medio dela buscábase a cohesión da poboación e foi acompañado da represión ás outras confesións, como mostra a expulsión dos xudeus en 1492 ou as conversións forzosas de mudéxares<sup>2</sup>. Tamén fomentaron as **regalías**<sup>3</sup>, que supoñían entre outras cousas, un control no nomeamento dos bispos.

Na **Coroa de Aragón** as reformas tiveron menos importancia. A tradición pactista e a fortaleza das institucións forais limitaron a reafirmación da autoridade rexia. Con todo, Fernando conseguiu a fin dos malos usos nobiliarios da Sentenza Arbitral de Guadalupe e debido ao absentismo do rei, nomeou un representante real (primeiro lugartenente, logo vicerrei) en cada estado de Aragón e creou o Consello de Aragón con amplas funcións políticas. A introdución da Inquisición, baixo o poder do monarca, reforzou as súas competencias nestes reinos. Malia a que a centralización castelá contrasta coa situación en Aragón, os Reis Católicos sentaron as bases do estado moderno e da monarquía autoritaria nos seus reinos.

---

1 Tribunal eclesiástico creado polo papa en 1478 para perseguir as herexías. Á súa cabeza estaba o Inquisidor xeral nomeado polo rei. O primeiro foi Fray Tomás de Torquemada.

2 Musulmáns que permaneceron no territorio dos RRCC tras a conquista de Granada. Despois da rebelión das Alpujarras deberon escoller entre converterse ou ser expulsados. Foron denominados mouriscos e serán expulsados en 1609 por orde de Filipe III.


3 Dereito dos reis a intervir na Igrexa do seu país.





## 10.- A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).

Carlos I (1500-1558) foi o primeiro rei da dinastía dos Austrias e grazas á política matrimonial dos seus avós maternos, os Reis Católicos, concentrou unha importante herdanza. Carlos era fillo de Felipe de Habsburgo, chamado *o Fermoso*, herdeiro de Maximiliano I de Austria e de María de Borgoña, e de Xoana (*a Tola*), a herdeira dos Reis Católicos. A morte do seu pai e a incapacidade da súa nai deixaron nas súas mans unha combinación de reinos e territorios que o converteron no **monarca máis poderoso do seu tempo**. Da súa familia paterna herdou Austria e a opción de ser emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico, os Países Baixos, Luxemburgo e o Franco Condado; da súa familia materna recibiu a Coroa de Aragón (con Sardeña, Sicilia e Nápoles) e a de Castela xunto cos territorios descubertos en América.



Este legado era un conxunto heteroxéneo de territorios que soamente tiñan en común ao seu monarca, e que se achaban dispersos por Europa e fora dela. O mantemento dunha **monarquía católica universal** fronte a difusión do protestantismo e a ameaza de Francia e os turcos será o elemento co que intentou integrar estes territorios. A defensa deste ideal, xunto coa necesidade de manter o imperio herdado e a defensa dos intereses dinásticos dos Austrias, levárono a verse involucrado en constantes e custosas guerras.

En 1555 Carlos viuse obrigado a recoñecer na **Paz de Augsburgo** o dereito de cada príncipe alemán para impoñer a súa propia relixión nas súas terras; isto supoñía na práctica o triunfo do protestantismo en case a metade de Alemaña e o fracaso definitivo da idea de unidade relixiosa no continente. Este fracaso, e o esgotamento tras unha vida enteira nos campos de batalla, levou á **abdicación de Carlos I (1556)** cedéndolle ao seu fillo Felipe II os seus reinos de España (xunto coas posesións en América, os Países Baixos e os territorios italianos), agás o Sacro Imperio que foi para Fernando, irmán de Carlos.

**Felipe II (1556-1598)** personalizará un modelo de **autoritarismo monárquico** máis perfeccionado. A diferenza do seu pai, **gobernará dende Castela**, creando unha capital permanente, Madrid (1561). Para gobernar valeuse dun poderoso exército permanente e dunha complexa administración que dirixiu personalmente. A política exterior de Felipe II aliñouse coa de seu pai: a **defensa do catolicismo e o mantemento da hexemonía dinástica** en Europa e ultramar.

Felipe II herdou do seu pai o imperio máis grande da Terra e ampliouno enormemente. Sobre todo a partir dá **unión con Portugal** (a chamada Unión Ibérica) en 1580, que incluía as



colonias portuguesas en Asia, África e América (Brasil). O rei era neto do monarca portugués Manuel I o *Afortunado*, polo que, ao quedar vacante o trono portugués reivindicou os seus dereitos. O rei obtivo o apoio da clase dirixente portuguesa, que vía en Felipe II protección para o seu comercio colonial. O mantemento deste extenso imperio non estivo exento de **conflitos**:

- **A loita con Francia.** Ao comezo do seu reinado Felipe II liquidou os asuntos pendentes con **Francia** derrotándoa definitivamente na **batalla de San Quintín** (1557). A partir deste momento Francia quedou neutralizada, sumida en interminables guerras civís e relixiosas, así deixou de ser unha ameaza para o Imperio Español.
- **O Imperio Turco.** O Imperio Otomán volvía a avanzar con forza polo Mediterráneo ameazando as posesións españolas e as do Papado e Venecia. Unha frota ao mando de Don Juan de Austria, derrotou os otománs na batalla naval de **Lepanto** (1571).
- **A rebelión dos Países Baixos:** En 1566 comezou nos **Países Baixos** unha rebelión contra Felipe II na que se mesturaban causas políticas (resistencia dos poderes locais ante o autoritarismo do rei e desexos nacionalistas dos holandeses), económicas (presión fiscal) e relixiosas (expansión do calvinismo contra o que se pretendeu introducir a Inquisición), actuando ademais a fame e miseria das clases populares como detonante. Felipe respondeu, nun primeiro momento, con medidas de forza, enviando ao **Duque de Alba**. Este exerceu unha severa represión, axustizando aos líderes da rebelión, o que propiciou un levantamento xeral. En 1579 o sur dos Países Baixos, o **Flandres católico**, aceptou a autoridade de Felipe II, fronte o norte (**Provincias Unidas de Holanda**), acaudillado por Guillermo de Orange, que continuou a rebelión ata chegar a unha independencia *de facto*.
- **O enfrontamento con Inglaterra.** Inglaterra fora aliado tradicional de España durante o reinado de Carlos I, e o propio Felipe II foi rei consorte inglés polo seu matrimonio coa raíña María I Tudor. Coa chegada ao trono inglés de **Isabel I** (1558) as relacións con España fixéronse cada vez máis tensas. A nova raíña, apoiou aos rebeldes protestantes dos Países Baixos e desafiou o monopolio comercial español sobre América. Para isto fomentou as actividades dos corsarios ingleses no Atlántico contra os barcos españois. Como resposta Felipe II tentou a **invasión de Inglaterra** en 1588 e, para iso, reuniu unha poderosa frota na Canle da Mancha (a Grande Armada). A mala planificación e as adversidades meteorolóxicas deron ao traste con ela, sufrindo graves perdas. Así, fracasou a invasión, e xurdiu o mito da mal chamada **“Armada Invencible”**. Finalmente a paz entre España e Inglaterra non foi posible ata principios do século XVII, cando nin Isabel I nin Felipe II estaban xa no trono.





## 11.- A crise socio-económica do século XVII

(a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real)

Fronte á expansión económica do século XVI, o século XVII foi de crise e dificultades para a Monarquía hispánica e especialmente para a coroa de Castela, o seu principal sostén en homes e recursos. Este período de contracción e recesión abarca desde 1580 hasta 1680 e tivo como principais elementos:

### A crise demográfica

A finais do século XVI e durante case todo o **século XVII tivo lugar unha acusada crise demográfica** e a poboación estancouse ou, incluso, decreceu. Varias **causas** explican este estancamento: As **malas colleitas**, **as vagas de epidemia de peste** que afectaron á península en diversas ondas (1597, 1647, 1676) e **as guerras** provocaron que a poboación dos territorios da Monarquía hispánica sufrise estancamento ou regresión, con frecuentes crises de **mortalidade catastrófica**. En España, a poboación mantívose arredor nuns oito millóns ao longo da centuria, sendo a Coroa de Castela a máis afectada pola caída de poboación. A **expulsión dos mouriscos** en 1609 contribuíu ao descenso demográfico, sobre todo na Coroa de Aragón onde eran unha parte importante da poboación.

### O deterioro da economía

Ademais da **crise agraria asociada ás malas colleitas**, todos os sectores artesanais e comerciais se viron afectados, caendo a produción interna e provocando a **ruína dos centros artesanais** (principalmente da industria textil) de Castela. As **causas** foron múltiples: a excesiva alza de prezos<sup>4</sup> provocada pola chegada do ouro e prata americana, a falta de competitividade e a diminución da demanda, a invasión do mercado interno polos produtos estranxeiros (motivado por los prezos á alza), o incremento dos impostos e as alteracións monetarias arruinaron aos artesáns casteláns.

O **comercio exterior** tamén se resentiu. Baseado na exportación de materias primas (en especial a lá) e na importación de manufacturas, o seu déficit pagábase co ouro e a prata procedente de América. A caída da produción interna favoreceu aos comerciantes estranxeiros que coparon os envíos cara a América a través de intermediarios casteláns e se fixeron coas remesas de metais preciosos (a finais do século XVII unicamente o 5% dos produtos enviados ás colonias americanas procedían de la Península).

4 Durante o s. XVI, coa chegada de enormes cantidades de metais preciosos de América, produciuse o que algúns historiadores denominaron **revolución dos prezos**. O aumento da circulación monetaria, pola abundancia de prata, e o crecemento da demanda fixeron que os prezos aumentasen de forma desmesurada. Esta foi unha das causas da crise económica que afecto a Europa no século XVII.





## Os problemas da Facenda real

Para facer fronte ao descenso de ingresos (consecuencia da crise económica xeral), aos inxentes gastos das múltiples guerras e aos gastos suntuarios da corte, a Coroa ademais de incrementar á débeda pública (*xuros*) e subir os impostos (perxudicando aínda máis os sectores produtivos) recorreu á desvalorización da moeda e a amoedar inxentes cantidades de **moedas de vellón** (alíaxe de cobre e prata), situación que provocou o aumento da inflación e agravou as dificultades económicas. Ademais, a imposibilidade de devolver os préstamos realizados polos banqueiros provocou a declaración de numerosas **bancarrotas** do Estado que lastraron a Facenda real.

A **crise económica xeral e o esgotamento dos recursos** fixeron que a Monarquía hispánica **perdesse, a partir de 1640, o seu papel hexemónico** en Europa, pero non impediron que se desenvolvese o Século de Ouro da cultura española. A sociedade española do século XVII caracterizouse polo seu inmovilismo social, a polarización e o triunfo dunha mentalidade aristocrática e clerical. A crise económica provocou a ruína da débil clase burguesa urbana que abandonou os negocios e os traballos artesanais, considerados viles, e buscou ennobrecerse; ao mesmo tempo, estendeuse a pobreza e aumentou o número de pobres, vagabundos e pícaros que vivían da caridade das igrexas.

En Cataluña e Valencia as condicións económicas comezaron a recuperarse desde mediados de século, e a finais a mellora da economía era evidente no crecemento da agricultura, a industria e o comercio. Non obstante, **en Castela só a partir de 1680 diminuíron as crises de subsistencia e apréciase a recuperación da poboación e da produción agrícola**. Ao mesmo tempo, as medidas deflacionarias adoptadas polos gobernos de Carlos II permitiron a estabilización do mercado interno e sentaron as bases para a recuperación económica. Internacionalmente a Monarquía hispánica amósase débil, pero logra resistir, aínda que con perdas, os ataques do rei francés Luís XIV e manter o imperio en América.





## 12.- O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de Cataluña e Portugal)

Filipe IV subiu ao trono en 1621, con só dezaseis anos. Por iso desde o primeiro momento estivo baixo a tutela do seu preceptor Gaspar de Guzmán, **conde-duque de Olivares**, que asumiu o papel de **valido** do novo rei. Ambos tiñan máis capacidade e visión política que Felipe III e Lerma, o que se plasmou en serios **proxectos de reforma** para mellorar a situación interna e externa da monarquía.

### a.- As reformas de Olivares.

A diferenza dos seus predecesores, Olivares era un político hábil e enérxico cun **programa político** de obxectivos definidos:

- **Manter a hexemonía e o prestixio exterior de España**, ameazada especialmente por Holanda e Francia, o que levou a implicarse en custosas guerras. Esta política esixía a achega de importantes sumas de diñeiro a unha Facenda en crise crónica.
- Polo tanto debeu poñer en marcha un amplo **programa de reformas internas**, en última instancia ao servizo do primeiro obxectivo. Estas reformas eran **económicas, administrativas e militares**.
  - Para afrontar a desmesurada crise propuxo unha redución de gastos suntuarios, evitar a emisión de moeda de vellón e protexer a produción artesanal.
  - As reformas administrativas e militares centráronse no proxecto da “**Unión de Armas**” (1625): a creación dun exército permanente de 140.000 homes sostido por todos os reinos en función da súa poboación e riqueza e non só por Castela, que se atopaba exhausta e empobrecida. Detrás deste proxecto estaba a idea dunha maior integración e uniformización de todos os territorios da monarquía, eliminar os privilexios forais, crear unha estrutura centralizada do Estado e un reforzamento do poder absoluto do rei. Pero a súa aplicación foi imposible, tanto polas dificultades económicas como pola oposición dos distintos reinos, celosos das súas prerrogativas forais. Esta **política impositiva e uniformizadora** xerou protestas e alteracións nos diferentes reinos da Monarquía, destacando os de Cataluña e Portugal.

### b.- A crise de 1640

A década de 1640 foi un periodo de **crise xeral** para a monarquía.

- Nos anos previos en **Cataluña** viña xestándose un clima de enfrontamento coa coroa ao negarse a colaborar na “Unión de Armas” xa que o consideraban unha vulneración dos seus foros. O problema fiscal foi transformándose nunha cuestión política que se agravou pola guerra con Francia, que invadira o Rosellón, xa que Cataluña se convertiu en fronte de batalla. Olivares esixiu que o reino pagara a manutención das





tropas que loitaban na guerra. A tensión desembocou en motíns, o máis grave deles o chamado “**Corpus de Sangue**” en Barcelona, protagonizado por miles de segadores, que terminou co asasinato do vicerrei. Os rebeldes buscaron o apoio de Francia, que enviou tropas para ocupar o territorio catalán. A prolongación do conflito e os prexuízos causados pola presenza francesa favoreceron a rendición de Barcelona. Os cataláns atoparon que era moito máis contraria aos seus intereses a monarquía absoluta de Luís XIV, ríxida e centralista, que a monarquía hispánica de Filipe IV, que prometía respectar os seus foros.

- Simultaneamente, en 1640, estalou un **levantamento en Portugal** (anexionado por Filipe II en 1580) motivado tamén polo rexeitamento ao proxecto da “Unión de Armas” e por un certo rexurdimento do sentimento nacionalista luso ante a política de **castelanización** de Olivares, a obrigada participación de **soldados portugueses** no conflito de Cataluña e a **perda de parte do seu imperio colonial** ante os ataques dos holandeses. Aproveitando a escaseza de tropas pola multiplicidade de fronteiras que combatía Filipe IV, unha **conspiración nobiliaria** conseguiu facerse co poder e proclamar ao duque de Braganza rei de Portugal en **1640**. Os varios intentos de reconquistar Portugal fracasaron e **España recoñeceu definitivamente a independencia en 1668**. A partir de entón Portugal mantivo uns vínculos comerciais e diplomáticos especialmente estreitos con Inglaterra buscando un aliado protector ante hipotéticos intentos anexionistas por parte de España.
- Outras rebelións e conspiracións producíronse tamén en distintos territorios: **Andalucía** (*conspiración de Medina Sidonia* en 1641), **Nápoles e Sicilia** en 1647, etc.

As rebelións fixeron fracasar a política de Olivares, que se retirou do goberno en 1643. A monarquía quedou sumida nunha grave crise que, xunto coas derrotas exteriores e tras a paz de Westfalia (1648) e a dos Pirineos (1659), supuxo a perda da hexemonía española en Europa.







### 13.- Economía e sociedade na Galicia dos Austrias

(a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

Ao longo dos séculos XVI e XVII, a **sociedade e a economía galega** foi fundamentalmente agrícola (máis do 80% da poboación vivía en e do campo e estivo fortemente ligada ás posibilidades produtivas da terra).

A **evolución económica e demográfica** de Galicia pasou por diversas fases:

- ◆ **O século XVI foi unha época de crecemento.** O desenvolvemento estivo relacionado coa situación estratéxica de Galicia nas **rotas comerciais atlánticas**, que favoreceu a expansión das **actividades comerciais e artesanais**. Nesta época na **agricultura** mantívose o vello sistema de produción feudal baseado no **cultivo de cereais (trigo e centeo)** e no barbeito, que permitiu o crecemento da poboación. Este crecemento duplicou a poboación sobre todo na costa, donde estaban as principais vilas: Pontevedra, Vigo, Baiona, Tui, Betanzos, Redondela e A Coruña, ás que se sumaban Santiago e Ourense no interior.

**A actividade pesqueira**, que alcanzara na Idade Media un importante desenvolvemento, mantívose durante o século XVI destacando o crecemento da vila de Pontevedra cun influente gremio de mareantes a través do que se controlaba a salga do peixe. Pero, dende finais do século XVI, a obriga de que os barcos pesqueiros tiñan que ir acompañados de protección armada polos perigos dos ataques holandeses e ingleses, orixinou unha importante recesión do sector durante o século XVII.

O **crecemento decaeu finais do século XVI** e durante as primeiras décadas do XVII, como consecuencia das crises políticas e da **ruptura do equilibrio entre poboación e recursos**. O crecemento da poboación non fora acompañado polo dos recursos agrícolas o que favoreceu a aparición de crises de subsistencia, con **malas colleitas, fames e pestes**, que provocaron o descenso da poboación.

- ◆ **A segunda metade do s. XVII foi, de novo, unha época de recuperación** que se mantivo ata mediados do XVIII. Este período foi de **agrarización e ruralización** e coincidiu coa **introdución do millo en Galicia** a partir de 1630. As dificultades estimularon a transformación do sistema de cultivo. Desde a costa e cara ao interior, foise estendendo o cultivo deste produto, procedente de América, que alterou o sistema de rotacións, diminuíndo en moitas zonas o barbeito e potenciando o incremento da gandería. Os cambios permitiron un forte crecemento da produción e da poboación, que fixo de Galicia unha das rexións máis poboadas de España, con máis dun millón de habitantes, e que contrastaba co panorama negativo do século XVII no resto de Europa.





A **estrutura da sociedade galega** nos séculos XVI e XVII centrábase na **terra**. Dunha parte estaban os perceptores de rendas señoriais, tanto eclesiásticos coma paxegos, e doutra estaban os labregos, que traballaban as terras baixo diferentes formas de cesión, aínda que desde o século XVI a máis estendida era o **foro**<sup>5</sup>. Este sistema de explotación provocou que as clases dominantes de Galicia se configurasen como unha sociedade de rendeiros, entre as que salientaba polo seu número a fidalguía rural.

- **A alta nobreza galega**, que estivo en moitos casos asociada ás empresas políticas e militares dos Austrias, destacou polo seu absentismo de Galicia. Estes nobres (os Andrade, Lemos, Sarmiento e Monterrei) desempeñaron elevados cargos na administración (vicerreis, embaixadores) e paulatinamente enlazaron coas familias nobiliarias castelás.
- **O clero** foi en Galicia un grupo moi poderoso; percibía unha parte importante das rendas agrarias e exercía un enorme poder no seu territorio. Resulta moi característico de Galicia o poder dos señoríos eclesiásticos dos mosteiros.
- **A fidalguía galega**, integrada principalmente pola pequena nobreza, grupos de burgueses (escribáns, escudeiros, comerciantes) e campesiños enriquecidos, foise configurando como un grupo ben diferenciado e cada vez máis poderoso que centraba a súa actividade no cobro de rendas (foros, subforos, arrendamentos). Convertíronse en intermediarios entre os propietarios (nobreza e clero) e os labregos que cultivaban a terra e pagaban foros e arrendamentos. O ascenso da fidalguía galega como grupo de poder explícase pola estrutura e organización da propiedade da terra en Galicia; tamén contribuíu o absentismo da alta nobreza que deixa un baleiro de poder que vai ser ocupado pola fidalguía. A consolidación da fidalguía como grupo social e económico poderoso quedou xa plenamente configurado durante o século XVII. A súa categoría social farana visible mediante a construción de grandes **pazos** que se converteron no mellor expoñente do seu poderío.
- Os **labregos** eran aproximadamente o 80% da poboación de Galicia. A maioría traballaban unhas terras que case nunca eran da súa propiedade e vivían nunhas duras condicións. Á marxe desta división social de base foral, existían outros grupos sociais non privilexiados: os **maríñeiros**, agrupados en gremios e confrarías; os **artesáns urbanos**, tamén organizados en gremios, e, en terceiro lugar, os **comerciantes**.

<sup>5</sup> O **foro** é un tipo de contrato, especialmente agrario, de longa duración ou, eventualmente, perpetuo, polo que unha persoa ou institución —fidalguía e Igrexa— lle cede a outra o uso ou proveito dunha cousa ou ben (xeralmente unha terra), a cambio do cumprimento de diversas condicións previamente estipuladas

